



BOP

XOVES, 7 DE NOVEMBRO DE 2019

N.º 255

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA.
DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

CORRECCIÓN DE ERROS. Resolución do 02 de xullo de 2019 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede autorización administrativa previa e de construción para una instalación eléctrica no concello de Negueira de Muñiz. (Exp. IN407A 8708AT)

Advertido erro na resolución do 2 de xullo de 2019, que se cita, publicada no BOP núm. 170, do venres 26 de xullo de 2019, cómpre facer a seguinte corrección:

Onde di:

«...concello de Lugo»

Debe dicir:

«...concello de Negueira de Muñiz»

Onde di:

«Solicitante: Barras Eléctricas-Galaico-Asturianas S.A

Domicilio Social : polígono empresarias As Gándaras, parcela U2, rúa Ramón María Aller Ulloa, nº9, 27003 Lugo.»

Debe dicir:

«Solicitante: Viesgo Distribución Eléctrica S.L.

Domicilio Social : Isabel Torres, nº25, 39011 Cantabria.»

Lugo, 31 de outubro de 2019.- A xefa territorial, Pilar Fernández López.

R. 3279

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA.
SERVIZO DE PATRIMONIO NATURAL. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Santiago Bautista Fernández Vázquez (DNI 33791034-D), como presidente e representante legal do Tecor O Caneiro (LU-10140) solicita a agregación do monte veciñal en man común "Pena e Cruz de Agueira", que está na zona libre Sarria 1, no termo municipal de Sarria, que totaliza 120,36 hectáreas de terreo.

O que fago público para o coñecemento xeral e que as persoas ou entidades que se consideren afectadas poidan facer as alegacións que estimen convenientes no prazo **DUN MES**, dende a súa publicación no BOP.

Lugo, 15 de outubro de 2019.- A xefa territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Margarita López Blanco.

R. 3280

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA

Anuncio

Para os efectos oportunos, publícase a listaxe de bolsas concedidas en réxime de concorrencia competitiva, para deportistas individuais da provincia de Lugo, disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña na anualidade 2019, por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, en sesión celebrada o 25 de outubro de 2019, "Conceder as bolsas para deportistas individuais da provincia de Lugo, disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña na anualidade 2019, que se reflicten nas listaxes que se achegan."

LISTAXE BOLSAS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO, DISCIPLINA AUTOMOBILISMO, ESPECIALIDADE RALLY DE ASFALTO, TERRA OU MONTAÑA NA ANUALIDADE 2019

Nº REXISTRO	SOLICITANTE	NIF	IMPORTE TOTAL BOLSA
6482	IAGO ÁLVAREZ TORRÓN	33557911Z	842 €
7157	DIEGO CAMUÑAS IGLESIAS	34283862Q	1.379 €
7153	MARIO SAA FERNÁNDEZ	33553272K	842 €
7268	CLEMENTE ALVES BELLO	33550431D	2.132 €
7318	VICTOR MANUEL VARELA LOMBAO	33328194K	1.272 €
7344	ADRIÁN DÍAZ PÉREZ	33545774K	4.585 €
7339	IRAGO GÓMEZ HERMIDA	76583418L	1.146 €
7531	SERGIO VALLEJO FOLGUEIRA	33306549L	5.000 €
7422	MIGUEL VILARES CABANA	76579734S	1.111 €
7518	PEDRO REIJA DÍAZ	33541872Y	1.397 €
7522	FRANCISCO DORADO VIZCAINO	33351762Z	914 €
7508	JOSE MIGUEL RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ	33556079E	1.021 €
7429	JONATHAN VARELA REGUEIRO	33350545Q	1.146 €
7426	ADRIAN VÁZQUEZ MARTÍNEZ	33549734W	2.579 €
7424	JOSE ANTONIO ALONSO LISTE	33347259L	5.000 €
7423	HECTOR PÉREZ FERNÁNDEZ	33549189D	788 €
7701	ANTONIO FERNÁNDEZ VALCÁRCCEL	33536776Q	2.293 €
7735	OSCAR VEIGA BELLO	33338179R	2.955 €
7765	MANUEL SANDAMIL CABANA	76572158Y	1.308 €
7736	CESAR DÍAZ PÉREZ	33545775E	1.128 €
7562	RUBEN LÓPEZ LÓPEZ	33553041C	3.493 €
7747	ANTONIO FRANCISCO PÉREZ FOJÓN	33345207Z	1.164 €

7837	JOSE MANUEL FERREIRO GARCÍA	33316457Z	448 €
7917	CESAR GONZALVES PEREIRA	33548328E	1.057 €

TOTAL	45.000,00 €
-------	-------------

DESESTIMADAS/DESISTENCIA

Nº REXISTRO	SOLICITANTE	NIF	CAUSA
6621	ISABEL SALGADO NEIRA	33542777Z	Desistencia
8058	ANTONIO RODRÍGUEZ SÁNCHEZ	34268085V	Desistencia

De acordo co punto 10 das bases da convocatoria, e ao abeiro do artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a resolución de concesión das axudas por parte da Xunta de Goberno, será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP, e publicarase na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte ao da presente publicación no BOP de Lugo, ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da presente publicación no BOP de Lugo.

En caso de optar polo recurso potestativo de reposición non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

Lugo, 31 de outubro de 2019.- O PRESIDENTE, José Tomé Roca. A SECRETARIA XERAL, P. S. O SECRETARIO XERAL ADXUNTO, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 3316

ÁREA DE XESTIÓN TERRITORIAL

Anuncio

Adoptar o seguinte criterio adicional para a aplicación da nova redacción do artigo 41 da LEG 8/2013 as estradas de titularidade desta Deputación unha vez categorizadas como Rede Local; "A liña límite de edificación se situará cando menos á distancia de 7 metros do borde exterior da calzada, debendo resultar fóra da zona de servidume e a distancia non inferior a 10 metros do eixe do trazado da vía con carácter xeral en solo rústico, sen prexuízo da posible redución aplicable nos treitos urbanos de estrada conforme ao previsto no artigo 23 da Lei 8/2013 do 28 de xuño, de estradas de Galicia".

Lugo, 29 de outubro de 2019.- O Técnico de Xestión Xefe da Unidade de Coord. e Xestión Territorial.- José Antonio Arias Vázquez. Conforme: A Secretaria Xeral, María Esther Álvarez Martínez.

R. 3318

CONCELLOS

BALEIRA

Anuncio

O Sr. Alcalde do Concello de Baleira 28/10/2019 aprobou os padróns das taxas pola prestación do servizo de abastecemento de auga, recollida de lixo, taxa de alcantarillado e canon da auga correspondentes ó 5º bimestre

do 2019. Durante o prazo de 15 días os padróns estarán expostos ao público nestas oficinas municipais para o seu exame e posibles reclamacións.

Contra o acordo de aprobación do referido padrón e as liquidacións incorporadas a el poderase interpor recurso de reposición ante O Sr. Alcalde, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interporse recurso contencioso administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo de un mes dende a presente publicación.

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o no artigo 68.1 b) do Regulamento xeral de recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre o 01/11/2019 e 31/12/2019 ámbolos dous inclusive. Aos contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seranlles cargados nas súas respectivas contas bancarias a partir do día 01/11/2019. Ao resto dos contribuíntes deberán acudir ás oficinas municipais onde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar o pago.

Transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario as débedas serán esixidas por vía de constrinximento (**no caso do canon da auga pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia**) e devengarán os correspondentes recargos do período executivo, xuros de demora e, no seu caso, costas que se produzan.

Publica-la aprobación do padrón e o anuncio de cobranza no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e Taboleiro de Edictos do Concello. Ao amparo do artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, a publicación terá os efectos de notificación colectiva das respectivas liquidacións tributarias de cada un dos suxeitos pasivos.

Baleira, 29 de outubro de 2019.- O Alcalde. Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 3281

BEGONTE

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Aprobado provisionalmente polo Pleno desta Corporación Municipal, con data de 5 de Novembro de 2019, o expediente de modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas; conforme ao establecido no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, expónse ao público na secretaría municipal polo prazo de trinta días hábiles - contados desde o seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia - aos efectos do exame e da presentación das reclamacións que se estimen oportunas.

No suposto de non presentarse reclamacións, entenderase dito acordo elevado a definitivo.

Begonte, 5 de Novembro de 2019.- O Alcalde - Presidente, José Ulla Rocha.

R. 3352

COSPEITO

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE LUGO

SUMARIO

Acordo do Pleno do Concello de Cospeito polo que se aproba definitivamente o expediente de modificación de créditos n.º 1/2019 do Orzamento en vigor, na modalidade de crédito extraordinario financiado con superávit orzamentario.

TEXTO

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, ao non haberse presentado alegacións durante o prazo de exposición ao público, quedou automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario de aprobación inicial deste Concello, adoptado en data 30 de setembro de 2019, sobre crédito extraordinario financiado con superávit orzamentario como segue a continuación:

1º. Altas en aplicacións de gastos

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Modificacións de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
011	91300	AMORTIZACIÓN PRÉSTAMO A LARGO PLAZO	0,00	691.131,70	691.131,70
		TOTAL	0,00	691.131,70	691.131,70

2º. Financiamento

Esta modificación finánciase con cargo ao remanente de tesouraría resultante da liquidación do exercicio anterior, nos seguintes termos:

Aplicación: económica			Descrición	Euros
Cap.	Art.	Conc.		
8	87	87000	REMANENTE DE TESORERÍA PARA GASTOS XERAIS	691.131,70

Contra o presente Acordo, en virtude do disposto no artigo 171 Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora de devandita Xurisdición.

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 171.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, a interposición de devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou Acordo impugnado.

Cospeito, 25 de outubro de 2019.- O Alcalde, Armando Castosa Alvareño.

R. 3282

LUGO*Anuncio*

Por Decreto número 19009006 de data 24 de outubro de dous mil dezanove, aprobouse o Padrón de sumministración de auga e IVA s/seu consumo, recollida de lixo, sumidoiros, aluguer de contador e canon de auga correspondente ao terceiro trimestre de 2019, que se expón ao público na Unidade de Augas, sito na Ronda da Muralla, 197, durante o prazo de quince días hábiles, a contar dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que dictou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do periodo voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza Fiscal Xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Lugo, 25 de outubro de 2019.- A ALCALDESA, P.D. A TENENTA DE ALCALDESA-DELEGA DA ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS. Por suplencia do TENENTE DE ALCALDESA-DELEGADO DA ÁREA DE GOBERNO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL SOSTIBLE, Mercedes Paula Alvareños Fondo.

R. 3299

MONFORTE DE LEMOS*Anuncio***APROBACIÓN DEFINITIVA DE EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE CRÉDITOS**

Publicado no Boletín Oficial da Provincia número 231 de 8 de outubro de 2019 o anuncio referente á exposición ao público do expediente de modificación de crédito 58/2019 mediante a modalidade de suplemento de crédito, aprobado polo Concello Pleno en sesión celebrada o día 30 de setembro de 2019 e transcorrido o prazo da citada exposición sen presentarse reclamacións, conforme ao artigo 38 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, enténdese definitivamente aprobado.

Contra a aprobación definitiva do expediente poderá interperse directamente Recurso Contencioso-Administrativo na forma e prazo que establecen as normas da devandita xurisdición.

Resumo da modificación:

CAPÍTULOS DE INGRESOS	Importe
VIII	189.900,00
CAPÍTULOS DE GASTOS	Importe
IX	189.900,00

Monforte de Lemos, 30 de outubro de 2019.- O Alcalde, José Tomé Roca.

R. 3283

*Anuncio***APROBACIÓN DEFINITIVA DE EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE CRÉDITOS**

Publicado no Boletín Oficial da Provincia número 231 de 8 de outubro de 2019 o anuncio referente á exposición ao público do expediente de modificación de crédito 59/2019 baixo a modalidade de crédito extraordinario por importe de 307.048,68 € financiado con cargo ó remanente líquido de tesourería para gastos xerais aprobado polo Concello Pleno en sesión celebrada o día 30 de setembro de 2019 e transcorrido o prazo da citada exposición sen presentarse reclamacións, conforme ao artigo 38 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, enténdese definitivamente aprobado.

Contra a aprobación definitiva do expediente poderá interperse directamente Recurso Contencioso-Administrativo na forma e prazo que establecen as normas da devandita xurisdición.

Resumo da modificación:

CAPÍTULOS DE INGRESOS	Importe
VIII	307.048,68
CAPÍTULOS DE GASTOS	Importe
VI	307.048,68

Monforte de Lemos, 30 de outubro de 2019.- O Alcalde, José Tomé Roca.

R. 3284

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria do 28 de outubro do 2019, o REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS, expónse ao público a efectos de información pública e audiencia aos interesados por prazo de trinta días hábiles, contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales poderán presentarse reclamacións e suxestións. Transcorrido dito prazo sen que se presente ningunha, entenderase definitivamente adoptado o acordo de aprobación, ata entón provisional, sen necesidade de novo acordo expreso, de conformidade co previsto no art.49 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Monforte de Lemos, 4 de novembro de 2019.- O Alcalde, Jose Tome Roca.

R.3320

MONTERROSO

Anuncio

“Decreto.- Monterroso, 29 de outubro de 2019.

Vista a celebración das eleccións municipais o día 26 de maio de 2019 e logo de proceder o día 5 de xullo de 2019 á constitución da nova Corporación Local. En virtude das atribucións que me confiren os artigos 21.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 46.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro

Polo presente, RESOLVO:

Primeiro.- Nomear Tenentes de Alcalde a D. Rafael García Figueiras, D. Xabier Vázquez García e D. David Rodríguez Novo.

Segundo.- Establecer, ós efectos da suplencia orgánica do cargo de Alcalde Presidente da Corporación, nos supostos previstos pola lexislación local vixente, así como o desempeño das funcións de Alcalde- Presidente nos supostos de vacante, a seguinte orde do seu nomeamento:

1º Tenente de Alcalde, D. Rafael García Figueiras. 2º Tenente de Alcalde, D. Xabier Vázquez García. 3º Tenente de Alcalde, D. David Rodríguez Novo.

Para tal suplencia, teranse en conta as salvedades previstas no artigo 47, párrafo 2º do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, así como o límite que establece o artigo 48 do dito Regulamento.

Aos Tenentes de Alcalde nomeados, previa aceptación do seu cargo, correspóndelles en canto a talles, substituír ao Alcalde na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións

Terceiro.- Notificar persoalmente a presente resolución aos designados, que se considerará aceptada tácitamente, salvo manifestación expresa; e remitir a Resolución de nomeamento ao *Boletín Oficial da Provincia* para a súa publicación no mesmo, igualmente publicar a Resolución no taboleiro de anuncios do Concello, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da firma da Resolución polo Alcalde. Deáselle conta ó Pleno do Concello

Mándao e asínao o señor alcalde, do que eu secretaria dou fe.”

Monterroso 29 de outubro de 2019.-O Alcalde, Antonio Edelmiro Gato Soengas.

R. 3285

MURAS

Anuncio

DON MANUEL REQUEIJO ARNEJO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MURAS (LUGO)

Visto o informe da Traballadora Social do Concello, no que detalla a relación de persoas usuarias do servizo, prezo hora/porcentaxe prezo hora e o número de horas que foron atendidas no mes de Setembro de 2019.

Elaborados os padróns mensuais que conteñen as liquidacións da taxa pola prestación do servizo do SAF básica e SAF dependencia no mes de Setembro de 2019, en base aos datos facilitados pola Traballadora Social do concello.

Tendo en conta o establecido no artigo 21.1. f) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, que atribúe a esta Alcaldía o desenvolvemento da xestión económica de acordo co orzamento aprobado.

RESOLVO:

PRIMEIRO- Aprobar o padrón mensual da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de Setembro de 2019. O padrón correspondente ao mes de Setembro consta de 54 contribuíntes (16 de libre concorrencia e 38 de dependencia) e un importe total de 4927,29 € (1.320,61 € persoas usuarias de libre concorrencia e 3.606,68€ persoas usuarias de dependencia).

SEGUNDO- Expoñer ao público os padróns aprobados, mediante a publicación de edicto no BOP e no taboleiro de anuncios do concello, por un período de 15 días dende a publicación. Esta exposición servirá como notificación colectiva a todos os contribuíntes nos termos do artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

TERCEIRO- O prazo de cobro en período voluntario será de 2 meses dende a publicación do edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a exixir os xuros de mora e os recargos dacordo cos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003.

CUARTO- Contra as liquidacións incorporadas aos padróns, os interesados poderán interpor recurso preceptivo de reposición ante o Sr. Alcalde, como establece o artigo 108 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local e regulado no artigo 14.2 do R.D. lexislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais, no prazo dun mes dende o día seguinte á publicación do edicto no B.O.P. Contra a desestimación do recurso poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo competente, no prazo de 2 meses dende o día seguinte á notificación da resolución.

QUINTO- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Muras, 22 de outubro de 2019.- Sr. Alcalde Don Manuel Requeijo Arnejo , do que eu, D^a Silvia Lamelas Soto, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos do artigo 3 do RD 128/2018 do 16 de Marzo).

R: 3286

RÁBADE

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía de data 18 de outubro de 2019 aprobáronse as bases para selección de persoal laboral temporal, no marco do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos para a execución de obras, servizos e creación de emprego “Programa fomento do emprego 2019”, que a continuación se relaciona:

- 1 peón especialista, adscrito ao servizo municipal de limpeza e mantemento de xardíns e vías públicas.
- 1 administrativo/a de apoio ás oficinas xerais municipais.

A convocatoria e as bases aprobadas poden consultarse no taboleiro de anuncios do Concello de Rábade, na páxina web www.rabade.org e na sede electrónica municipal <https://rabade.sedelectronica.gal>

O prazo de presentación de solicitudes será de 5 días hábiles contados a partir do seguinte á data de publicación no BOP de Lugo.

Rábade, a 18 de outubro de 2019.- O Alcalde-presidente, Francisco Xosé Fernández Montes.

R. 3300

O SAVIÑAO

Anuncio

Exposición pública do padrón de contribuíntes suxeitos a AUGA, LIXO (urbán) e SUMIDOIROS correspondentes ao 1º bimestre do exercicio 2019, aprobado por Decreto de Alcaldía de data 28 de outubro do 2019.

Lugar: Servizo de Xestión Tributaria do Concello (Praza de España, 1)

Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 8 de novembro de 2019 ao 20 de decembro de 2019.

PERIODO VOLUNTARIO DE RECADACIÓN: Nos termos do artigo 62.2 da Lei 58/2003: Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día vinte do mes posterior ou si este non fose hábil ata o inmediato hábil seguinte; se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e o último de cada mes dende a data de recepción da notificación ata o día 5 do segundo mes posterior ou si este non fose hábil ata inmediato hábil seguinte en período voluntario. A partir da devandita data os recibos non pagados esixiranse pola vía administrativa de prema, coas recargas e xuros correspondentes, consonte co establecido nos artigos 161 de Lei Xeral Tributaria e 69 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación (RD 939/2005, de 29 de xullo).

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a exixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da

Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico administrativa ante o órgano económico administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

Contra o presente acto que pon fin a vía administrativa, e sen prexuízo de calquera outro recurso que considere oportuno o interesado, poderá interpoñer:

1. Recurso potestativo de reposición ante o propio órgano que ditou o presente acto no prazo dun mes a contar dende o día seguinte da súa notificación ao abeiro do establecido no artigo 108 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

2. Ou ben, directamente, reclamación económico-administrativa ante o mesmo órgano no prazo dun mes, segundo establece o artigo 137 da mesma Lei.

O Saviñao, 30 de outubro de 2019.- Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 3287

XERMADE

Anuncio

Asunto: establecemento prezos públicos

En cumprimento do disposto no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que por acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de outubro de 2019 aprobose o establecemento dos prezos públicos para as actividades culturais e deportivas do curso 2019-2020, co seguinte detalle:

Actividade	Prezo público anual
Manualidades	42,00€
Costura	42,00€
Xabóns e cremas	15,00€
Manualidades en inglés	49,00€
Defensa persoal	49,00€
Pilates	42,00€

Xermade, a 23 de outubro de 2019.- O Alcalde, Roberto García Pernas.

R. 3288

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DO SOCIAL N.º 3 LUGO

Anuncio

DOÑA MARÍA DE LOS ÁNGELES LÓPEZ CARBALLO, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 3 de LUGO, **HAGO SABER:**

Que en el procedimiento de **EJECUCIÓN DE TÍTULOS JUDICIALES Nº84/2019** de este Juzgado de lo Social, seguido a instancia de IBERMUTUA contra la empresa "ROBALIZA, S.L.", sobre reclamación de cantidad, se ha dictado **DECRETO** de fecha 24-10-2019, cuya parte dispositiva es del tenor literal siguiente:

"Acuerdo:

- Declarar al ejecutado EMP. "ROBALIZA, S.L." en situación de **INSOLVENCIA, por importe de 465,50 EUROS**, que se entenderá a todos los efectos como provisional.
- Hacer entrega de certificación a la parte ejecutante para que surta efectos ante el Fondo de Garantía Salarial, una vez sea firme la presente resolución.
- Archivar** las actuaciones previa anotación en el Libro correspondiente, y sin perjuicio de continuar la ejecución si en lo sucesivo se conocen nuevos bienes del ejecutado.

Notifíquese esta resolución a las partes y al Fondo de Garantía Salarial, haciéndoles saber que en aplicación del mandato contenido en el artículo 53.2 de la LRJS, en el primer escrito o comparecencia ante el órgano judicial, las partes o interesados, y en su caso los profesionales designados, señalarán un domicilio y datos completos para la práctica de actos de comunicación. El domicilio y los datos de localización facilitados con tal fin, **surtirán plenos efectos y las notificaciones en ellos intentadas sin efecto serán válidas** hasta tanto no sean facilitados otros datos alternativos, siendo **carga procesal de las partes** y de sus representantes **mantenerlos actualizados**. Asimismo deberán comunicar los cambios relativos a su número de teléfono, fax, dirección electrónica o similares, siempre que estos últimos estén siendo utilizados como instrumentos de comunicación con el Tribunal.

MODO DE IMPUGNACIÓN: Contra la presente resolución cabe **recurso directo de revisión** que deberá interponerse ante quien dicta la resolución en el plazo de **TRES DÍAS hábiles** siguientes a la notificación de la misma con expresión de la infracción cometida en la misma a juicio del recurrente, art. 188 LRJS. El recurrente que no tenga la condición de trabajador o beneficiario de régimen público de la Seguridad Social deberá hacer un depósito para recurrir de 25 euros, en la cuenta nº 2324 en el BANCO SANTANDER debiendo indicar en el campo concepto, "recurso" seguida del código "31 Social-Revisión de resoluciones Secretario Judicial". Si el ingreso se hace mediante transferencia bancaria deberá incluir tras la cuenta referida, separados por un espacio con la indicación "recurso" seguida del "31 Social-Revisión de resoluciones Secretario Judicial". Si efectuare diversos pagos en la misma cuenta deberá especificar un ingreso por cada concepto, incluso si obedecen a otros recursos de la misma o distinta clase indicando en el campo de observaciones la fecha de la resolución recurrida utilizando el formato dd/mm/aaaa. Quedan exentos de su abono en todo caso, el Ministerio Fiscal, el Estado, las Comunidades Autónomas, las Entidades locales y los Organismos Autónomos dependientes de ellos.

Así lo manda y firma Doña María de los Ángeles López Carballo, Letrada de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social número tres de Lugo; doy fe."

Y para que sirva de **NOTIFICACIÓN EN LEGAL FORMA a EMP. "ROBALIZA, S.L."**, en ignorado paradero, expido el presente para su inserción en el Boletín Oficial de LUGO.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

LUGO, veinticuatro de octubre de dos mil diecinueve.- **LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 3289

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – ALFOZ

Anuncio

Convocatoria Subvencions Actividades Culturais 2019

BDNS (Identif.): 479788

a) Crédito orzamentario: 11.500 euros.

b) Obxecto, condicións e finalidade:

O obxectivo é a regular o outorgamento de subvencions co obxectivo de apoiar o desenvolvemento de programas ou actividades culturais que complementen a programación dos servizos municipais e que se realicen con carácter público no Concello de Alfoz.

c) Réxime de convocatoria: Concorrenza competitiva.

d) Beneficiarios e requisitos :

De conformidade co indicado no artigo 8.4 da Ordenanza reguladora de concesión de subvencions do Concello de Alfoz, poderán solicitar as subvencions reguladas nas presentes bases as asociacións que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Alfoz , que teñan a súa sede social no termo municipal de Alfoz e gocen de capacidade para levar a cabo as actividades subvencionables.

Non poderán optar a estas subvencions as persoas e entidades ás que se refiren os artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions.

As asociacións solicitantes teñen que estar ao día nas súas obrigas tributarias (AEAT e Facenda), así como, coa Seguridade Social.

As entidades solicitantes non poderán ter pendente de xustificación ningunha axuda anterior do Concello, a non ser que lles fora concedida unha prórroga.

e) Documentación a presentar :

- Solicitud de da subvención segundo Anexo I.
- Memoria explicativa da actividade que se vai realizar de conformidade co Anexo II.
- Declaración responsable do representante legal da entidade segundo ANEXO III.
- Copia do documento nacional de identidade do representante da entidade.
- Declaración xurada do representante de axudas/subvencións ou patrocinios (sen achega económica) solicitadas e concedidas por outras administracións para a mesma actividade.
- Copia do CIF da entidade.
- Declaración xurada sobre a concorrencia dos criterios obxecto de valoración.
- Certificación bancaria da conta na que teña que efectuarse o ingreso da subvención.

f) Unidade tramitadora: Servizos administrativos xerais .

Órgano competente resolución: Alcaldía.

g) Prazo de presentación de solicitudes: 15 DIAS NATURAIS contados a partir do día seguinte da publicación da presente no BOP e na BDNS.

h) Prazo de resolución e notificación: 1 mes, en todo caso a resolución antes do día 31 de decembro de 2019.

i) Se admite a reformulación de solicitudes.

j) A resolución de concesión poñen fin á vía administrativa, cabendo a presentación de recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo de un mes ou ben contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

k) Criterios de valoración:

I. VALORACIÓN ASOCIACIÓN.- (20 ptos. máximo)

1º.- Número de socios ou de compoñentes da Asociación,, ata 8 puntos.

2º.- Antigüidade desde que se constituíu como Asociación , ata 12 puntos. .

II. VALORACION DA IMPLICACION NO ENTRAMADO CULTURAL DO CONCELLO: (max. 100 ptos.)

1º.- En función do número de participantes nas actividades programadas . Ata 20 puntos.

2º. En función da repercusión social das actividades organizadas . Ata 30 puntos.

3º. En función do número de actuacións concretas desenroladas. Ata 36 puntos.

4º. En atención da súa transversalidade co desenvolvemento municipal. Ata 14 puntos.

- Por actividades enfocadas á mocidade (menores de 18 anos) : ata 2 puntos por actividade.

- Por actividades enfocadas á 3ª idade: ata 2 puntos por actividade.

- Pola función didáctica e educativa, engadido o seu valor para promocionar e manter as tradicións e peculiaridades culturais de Alfoz: ata 5 puntos por actividade.

- Pola repercusión turística para Alfoz, en canto á afluencia de persoas doutros municipios ou a promoción de Alfoz noutras localidades : ata 8 puntos por actividade.

- Por programar e levar a cabo actividades enfocadas aos veciños con periodicidade polo menos semestrais durante cada ano no Concello: ata 10 puntos por actividade.

III.- VALORACIÓN ORZAMENTARIA.- (Máximo 30 puntos)

1.- Subvencións doutras Administracións ou Entidades Públicas en 2019, ata 5 puntos.

2.- Gastos Totais Realizados (xustificados con facturas) no ano 2019 (engadidos os orzamentados comprometidos para o último trimestre) , ata 25 puntos.

l) Medio de notificación: A resolución notificarase aos interesados por publicación no taboleiro de anuncios, páxina web e serán notificados individualmente. Transcorrido o citado prazo sen que se renuncie á subvención, se entenderá tacitamente aceptada.

m) Outros datos.

As solicitudes formularanse no modelo normalizado existente nas oficinas de rexistro do Concello e publicados no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e dirixiranse ao Sr. Alcalde , presentáense no Rexistro de entrada do Concello ou por calquera dos medios sinalados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Admítese o pagamento a conta de ata o 80 % da contía total da axuda concedida.

Alfoz, 24 de outubro de 2019.- O Alcalde, Jorge Val Díaz.

R. 3290

Anuncio

CONVOCATORIA SUBVENCIONS ACTIVIDADES DEPORTIVAS 2019

BDNS (Identif.): 479834

a) Crédito orzamentario: 1500 euros.

b) Obxecto, condicións e finalidade:

O obxectivo é a concesión de axudas económicas pola organización de actividades deportivas ou relacionadas coa promoción do deporte, incluída a compra de material deportivo, e para a práctica deportiva do alumnado dos centros escolares públicos municipais.

Os gastos asociados á organización de eventos deportivos, os derivados dos compromisos das federacións de clubs, da xestión ordinaria dos clubs e asociacións e de participación en ligas federadas oficiais, así como os gastos de transporte.

A finalidade é o desenvolvemento de actividades que persigan o fin de fomento do deporte e de vida saudable .

c) Réxime de convocatoria: Concorrenza competitiva.

d) Beneficiarios e requisitos :

Poderán optar a estas subvencións as entidades e asociacións sen fins de lucro, públicas ou privadas, que, cumprindo o prescrito no artigo 13 da Lei 38/2003, e artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, reúnan ademais os seguintes requisitos:

Estar inscritas no Rexistro de Asociacións do concello de Alfoz .

O obxecto da entidade debe estar relacionado co fomento da actividade deportiva como obxectivo principal ou transversal na organización de actividades extraescolares, no seu caso.

Ter entre outros fins a realización das actividades obxecto da subvención, e en especial pero de forma non excluínte, os clubs deportivos federados existentes no Concello de Alfoz.

No caso de ser beneficiaria doutra subvención, axuda económica ou convenio doutra área do Concello de Alfoz ou doutra administración, correspondente ao exercicio económico de 2019 , e para a mesma actividade, o importe total dos ingresos obtidos non poderá exceder do total dos gastos desa actividade.

Encontrarse ao corrente das obrigas tributarias co Concello de Alfoz , e con calquera outra administración.

De ser o caso, ter xustificadas as subvencións recibidas con anterioridade polo Concello de Alfoz.

Dispor de estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos seus obxectivos

En todo caso quedan excluídas as actividades xustificadas polo Club Deportivo Alfoz, por ter sido beneficiario dunha subvención nominativa .

e) Documentación a presentar :

a) Solicitude da subvención segundo Anexo I.

b) Memoria explicativa da actividade que se vai realizar de conformidade co Anexo II.

c) Declaración responsable do representante legal da entidade segundo ANEXO III.

d) Copia do documento nacional de identidade do representante da entidade.

e) Declaración xurada do representante de axudas/subvencións ou patrocinios (sen achega económica) solicitadas e concedidas por outras administracións para a mesma actividade.

f) Copia do CIF da entidade.

g) Declaración xurada sobre a concorrenza dos criterios obxecto de valoración.

h) Certificación bancaria da conta na que teña que efectuarse o ingreso da subvención.

f) Unidade tramitadora: Servizos administrativos xerais .

Órgano competente resolución: Alcaldía

g) Prazo de presentación de solicitudes: 15 DIAS NATURAIS contados a partir do día seguinte da publicación da presente no BOP e na BDNS.

h) Prazo de resolución e notificación: 1 mes, en todo caso a resolución antes do día 31 de decembro de 2019.

i) Se admite a reformulación de solicitudes.

j) A resolución de concesión poñen fin á vía administrativa, cabendo a presentación de recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo de un mes ou ben contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

k) Criterios de valoración:

I. VALORACIÓN ASOCIACIÓN.- (20 ptos máximo)

1º.- Número de socios ou de compoñentes da Asociación (máx. 8).

2º.- Antigüidade desde que se constituíu como Asociación / Club.(máx. 12)

II. VALORACION DA IMPLICACION NO ENTRAMADO SOCIAL MUNICIPAL : (max 100 ptos)

1º.- En función do número de participantes nas actividades programadas . Ata 20 puntos.

2º. En función da repercusión social das actividades. Ata 30 puntos.

3º. En función da duración das actividades ou ligas nas que se participa. Ata 36 puntos.

4º. En atención da súa transversalidade co desenvolvemento municipal. Ata 14 puntos.

III. NIVEL DEPORTIVO . (MAXIMO 20 PUNTOS).

Terase en conta unicamente o nivel máis alto de calquera dos seus equipos/conxuntos/deportistas.

IV.- VALORACIÓN ORZAMENTARIA.- (Máximo 30 puntos)

1.- Subvencións doutras Administracións ou Entidades Públicas en 2019.

2.- Gastos Totais Realizados (xustificados con facturas) no ano 2019 (engadidos os orzamentados comprometidos para o último trimestre)

3. - Polos gastos de federación soportados tempada 2019/2020 . Máximo 10 puntos.

l) Medio de notificación: A resolución notificarase aos interesados por publicación no taboleiro de anuncios, páxina web e serán notificados individualmente . Transcorrido o citado prazo sen que se renuncie á subvención, se entenderá tacitamente aceptada.

m) Outros datos.

As solicitudes formularanse no modelo normalizado existente nas oficinas de rexistro do Concello e publicados no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello, presentánsese no Rexistro de entrada do Concello ou por calquera dos medios sinalados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Admítese o pagamento a conta de ata o 80 % da contía total da axuda concedida.

Alfoz, 24 de outubro de 2019.- O Alcalde, Jorge Val Díaz.

R. 3291

Anuncio

CONVOCATORIA SUBVENCIONS ACTIVIDADES EDUCATIVAS E FORMATIVAS 2019

BDNS (Identif.): 479843

a) Crédito orzamentario: 3800 euros.

b) Obxecto, condicións e finalidade:

O obxectivo é a regular o outorgamento de subvencións para o desenvolvemento de proxectos, programas ou actividades que persigan un fin educativo pero tamén formativo, admitíndose dentro de estas as relativas a técnicas ou melloras na produción do sector primario

c) Réxime de convocatoria: Concorrenza competitiva.

d) Beneficiarios e requisitos :

De conformidade co indicado no artigo 8.4 da Ordenanza reguladora de concesión de subvencións do Concello de Alfoz, poderán solicitar as subvencións reguladas nas presentes bases centros públicos educativos do Concello de Alfoz e asociacións de pais e nais e asociacións municipais que teñan implicación no sector

primario que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Alfoz e gocen de capacidade para levar a cabo as actividades subvencionables .

Non poderán optar a estas subvencións as persoas e entidades ás que se refiren os artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

As asociacións solicitantes teñen que estar ao día nas súas obrigas tributarias (AEAT e Facenda), así como, coa Seguridade Social.

As entidades solicitantes non poderán ter pendente de xustificación ningunha axuda anterior do Concello, a non ser que lles fora concedida unha prórroga

e) Documentación a presentar:

a) Solicitude da subvención segundo Anexo I.

b) Memoria explicativa da actividade que se vai realizar de conformidade co Anexo II.

c) Declaración responsable do representante legal da entidade segundo ANEXO III.

d) Copia do documento nacional de identidade do representante da entidade.

e) Declaración xurada do representante de axudas/subvencións ou patrocinios (sen achega económica) solicitadas e concedidas por outras administracións para a mesma actividade.

f) Copia do CIF da entidade.

g) Declaración xurada sobre a concorrencia dos criterios obxecto de valoración.

h) Certificación bancaria da conta na que teña que efectuarse o ingreso da subvención.

f) Unidade tramitadora: Servizos administrativos xerais .

Órgano competente resolución: Alcaldía.

g) Prazo de presentación de solicitudes: 15 DIAS NATURAIS contados a partir do día seguinte da publicación da presente no BOP e na BDNS.

h) Prazo de resolución e notificación: 1 mes, en todo caso a resolución antes do día 31 de decembro de 2019.

i) Se admite a reformulación de solicitudes.

j) A resolución de concesión poñen fin á vía administrativa, cabendo a presentación de recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo de un mes ou ben contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

k) Criterios de valoración:

I. VALORACIÓN ASOCIACIÓN.- (20 ptos máximo)

1º.- Número de socios ou de compoñentes da Asociación, ata 8 puntos.

2º.- Antigüidade desde que se constituíu como Asociación, ata 12 puntos.

II. VALORACION DA IMPLICACION NO ENTRAMADO CULTURAL DO CONCELLO: (max 100 ptos.)

1º.- En función do número de participantes nas actividades programadas. Ata 20 puntos.

2º. En función da repercusión social das actividades organizadas. Ata 30 puntos.

3º. En función do número de actuacións concretas desenroladas. Ata 36 puntos.

4º. En atención da súa transversalidade co desenvolvemento municipal. Ata 14 puntos.

- Por actividades desenroladas dende o propio centro: 10 puntos.

- Por programar e levar a cabo actividades con periodicidade polo menos semestral: ata 7 puntos por actividade

III.- VALORACIÓN ORZAMENTARIA.- (Máximo 30 puntos)

1.- Subvencións doutras Administracións ou Entidades Públicas en 2019 e en 2018, ata 5 puntos.

2.- Gastos Totais Realizados (xustificados con facturas) no ano 2019 (engadidos os orzamentados comprometidos para o último trimestre), ata 25 puntos. Ademais, excepcionalmente para o eido do sector primario, computaranse as actividades realizadas no exercicio 2018.

l) Medio de notificación: A resolución notificarase aos interesados por publicación no taboleiro de anuncios, páxina web e serán notificados individualmente. Transcorrido o citado prazo sen que se renuncie á subvención, se entenderá tacitamente aceptada.

m) Outros datos.

As solicitudes formularanse no modelo normalizado existente nas oficinas de rexistro do Concello e publicados no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e dirixiranse ao Sr. Alcalde, presentáense no Rexistro de entrada do Concello ou por calquera dos medios sinalados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Admítese o pagamento a conta de ata o 80 % da contía total da axuda concedida.

Alfoz, 24 de outubro de 2019.- O Alcalde, Jorge Val Díaz.

R. 3292

Anuncio

Convocatoria de ayudas para el transporte de estudiantes de Bachillerato y ciclos formativos en centros públicos de la Comarca de A Mariña - Cuso 2019/2020

BDNS (Identif.): 479853

a) Crédito orzamentario: 8.000 euros. Partida de imputación: 326.480.

b) Obxecto, condicións e finalidade:

O obxectivo é a concesión de axudas económicas individuais destinadas a sufragar os gastos de desprazamento daqueles alumnos/as do Concello que estudian fóra do termo municipal bacharelato e ciclos formativos en centros de ensinanza sostidos con fondos públicos, mediante o uso prioritario do transporte público, nalgunha das seguintes modalidades, e sempre dentro da comarca de A Mariña : Bacharelato, Ciclo de formación profesional básica , ciclo medio de formación profesional e Ciclo superior de formación profesional, todos eles nas modalidades de Réxime ordinario, Réxime das persoas adultas modalidade presencial (oferta modular) e Formación profesional dual.

A finalidade é favorecer a escolarización non obrigatoria nos niveis de bacharelato e ciclos de formación profesional , así como o uso do transporte público.

A tales efectos os estudantes deben estar matriculados en centros sostidos con fondos públicos da Comarca de A Mariña, integrada por:

- Comarca de A Mariña Oriental: Barreiros, Ribadeo, Trabada e A Pontenova.
- Comarca de A Mariña Central: Burela, Valadouro, Alfoz, Foz , Lourenzá e Mondoñedo.
- Comarca de A Mariña Occidental: O Vicedo, Xove, Viveiro, Cervo e Oulol.

c) Réxime de convocatoria: Concorrenza competitiva.

d) Beneficiarios e requisitos :

As axudas poderán ser solicitadas polas familias das/os alumnas/os, e concreto polo menos un dos proxenitores naturais e por adopción dos menores titulares do Libro de Familia, os seus tiores legais , ou polas/os propias/os alumnas/os se son maiores de idade, cando se reúnan os seguintes requisitos:

a.- Toda a unidade familiar, engadido o alumno, deberá cumprir o requisito de estar empadroada/o e ter residencia efectiva no Concello de Alfoz, salvo no suposto de independencia do solicitante, que se considerará tal se no momento da solicitude ten contrato de traballo en vigor, e en cuxo caso se requirirá o empadramento e residencia efectiva persoal.

b.- Encontrarse matriculado, durante o curso académico que se inicie na anualidade da convocatoria , nalgún dos estudos indicados na base primeira impartidos en centro educativo sostido con fondos públicos da Comarca de A Mariña.

c.- O estudante non pode ter cumpridos os 30 anos , tanto no momento da convocatoria como dentro no ano natural no que se publique a mesma.

d.- Non ser o solicitante nin o beneficiario debedor/a a Facenda Municipal, Autonómica ou Estatal así como a Seguridade Social.

e.- Non ter pendente de xustificación ningunha subvención concedida polo Concello de Alfoz

f.- Non poderán optar a estas subvencións as persoas e entidades ás que se refiren os artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro , Xeral de Subvencións e o artigo 10 da lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

g.- Utilizar o transporte público nos desprazamentos totais ou parciais dende o seu domicilio ao centro de estudos, salvo declaración xurada de incompatibilidade de horario lectivo con horario do transporte público.

e) Documentación a presentar :

- a.- Impreso de solicitude (Anexo I) e declaración xurada (Anexo II).
 - b.- Fotocopia do D.N.I. ou N.I.F. do solicitante (en caso de alumnos/as menores de idade) e do alumno/a.
 - c.- Fotocopia do Libro de Familia
 - d.- Certificado de empadramento e convivencia.
 - e.- Certificado ou acreditación de estar matriculado nos estudos para os que se solicita a axuda.
 - f.- Certificación de titularidade da conta bancaria onde efectuar o ingreso. No caso de alumnos/as maiores de idade, deberán ser titulares da conta bancaria.
 - g.- Declaración doutras axudas obtidas para a mesma finalidade, no modelo normalizado.
 - h.- Declaración acreditativa do cumprimento dos requisitos, obrigas e condicións necesarias para a obtención da axuda, no modelo normalizado. (Anexo III) onde conste que non anulará matrícula, que destinará a contía económica aos fins establecidos durante o curso académico correspondente.
 - f) Unidade tramitadora: Departamento Técnico de Xestión.
- Órgano competente resolución: Alcaldía
- g) Prazo de presentación de solicitudes: 15 DIAS HÁBILES contados a partir do día seguinte da publicación da presente no BOP e na BDNS.
 - h) Prazo de resolución e notificación: 6 meses, en todo caso a resolución antes do día 31 de decembro de 2019.
 - i) Se admite a reformulación de solicitudes.
 - j) A resolución de concesión poñen fin á vía administrativa, cabendo a presentación de recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo de un mes ou ben contencioso-administrativo no prazo de dous meses.
 - k) Criterios de valoración: No suposto de que o número de solicitudes presentadas na convocatoria correspondente , que cumpran os requisitos das presentes bases, superase a cantidade orzamentaria total asignada, a mesma non se verá modificada, reducíndose en todo caso de forma proporcional a contía asignada a cada beneficiario .
 - l) Medio de notificación: A resolución notificarase aos interesados por publicación no taboleiro de anuncios, páxina web e serán notificados individualmente. Transcorrido o citado prazo sen que se renuncie á subvención, se entenderá tacitamente aceptada.
 - m) Outros datos.

As solicitudes formularanse no modelo normalizado existente nas oficinas de rexistro do Concello e publicados no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello, presentánsese no Rexistro de entrada do Concello ou por calquera dos medios sinalados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Admítese o pagamento a conta de ata o 50 % da contía total da axuda concedida.

Alfoz, 28 de outubro de 2019.- O Alcalde, Jorge Val Díaz.

R. 3293